

## **ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14, QUE REGULA A TAXA POLO SUBMINISTRO E ACOMETIDA A REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**

### **ARTIGO 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, e ó abeiro do disposto no artigo 20, apartados 1 e 4.t) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello de Dodro establece a taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable.

### **ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.**

1.-Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de subministro de auga potable, así coma a acometida á rede municipal de abastecemento.

2. O servizo municipal de subministro de auga potable está reservado por lei en favor das Entidades Locais e considérase imprescindible para a vida privada dos usuarios do mesmo.

### **ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.**

1. Son suxeitos pasivos, na condición de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así coma as comunidades de bens, herdanzas xacentes e demais entidades ás que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais nas que se preste o servizo, ben sexa a título de propietario, usufructuario, arrendatario ou mesmo de precario.

2. Terá a consideración de substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir as cotas satisfeitas sobre os beneficiarios do servizo.

### **ARTIGO 4º.- RESPONSABILIDADE SOLIDARIA E SUBSIDIARIA.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### **ARTIGO 5º: COTA TRIBUTARIA.**



**Concello de  
Dodro**

Lg – Tallós, Nº 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

CIF: P1503300D

Tfno: 981 802 062 Fax: 981 802 142

[info@concellodedodro.org](mailto:info@concellodedodro.org)

[www.concellodedodro.org](http://www.concellodedodro.org)

## SUBMINISTRO DE AGUA:

<b>A)</b>	<b>Usos domésticos</b>		
	Cota servizo (fixa)	1,5598	€/mes
	1º Bloque ata 10 m <sup>3</sup> /abonado/mes	0,1760	€/m <sup>3</sup>
	2º Bloque de 10 m <sup>3</sup> ata 20 m <sup>3</sup> /abonado/mes	0,3988	€/m <sup>3</sup>
	3º Bloque mais 20 m <sup>3</sup> /abonado/mes	0,5043	€/m <sup>3</sup>
			€/abonados/
	Por conservación de acometida	0,5512	mes
			€/abonados/
	Por conservación de contador	0,5512	mes
<b>B)</b>	<b>Usos industriais e Obras</b>		
	Cota servizo (fixa)	2,1931	€/mes
	1º Bloque ata 15 m <sup>3</sup> /abonado/mes	0,2462	€/m <sup>3</sup>
	2º Bloque de 15 m <sup>3</sup> ata 30 m <sup>3</sup> /abonado/mes	0,5581	€/m <sup>3</sup>
	3º Bloque mais 30 m <sup>3</sup> /abonado/mes	0,7061	€/m <sup>3</sup>
			€/abonados/
	Por conservación de acometida	0,5512	mes
			€/abonados/
	Por conservación de contador	0,5512	mes

10 % de IVE non incluído en auga

21 % de IVE non incluído en conservación de acometidas e contadores

## ACOMETIDA DE AGUA A REDE XERAL DE ABASTECIMENTO

Arqueta para colocación de tapa de 15 x 25

Lonxitude da gabia de 1 a 5 metros (apertura e peche e reposición de pavimento)

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia e pavimento.

Acometida	Baldosa-		
	Terra	Asfalto	acera
¾"	320,16 €	359,20 €	392,67 €
1"	340,19 €	386,20 €	405,25 €
1 ½"	374,38 €	416,96 €	457,16 €
2"	412,58 €	453,18 €	495,39 €

Acometidas de máis de 5 metros, farase un presuposto para cada caso.

XXVII trienio  
Eusebio  
Lorenzo  
Baleiro



**Concello de  
Dodro**

Lg – Tallós, Nº 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

CIF: P1503300D

Tfno: 981 802 062 Fax: 981 802 142

[info@concellodedodro.org](mailto:info@concellodedodro.org)

[www.concellodedodro.org](http://www.concellodedodro.org)

21 % de IVE non incluído en acometidas.

## **ARTIGO 6º.- DEVENGO.**

1 .No caso de acometida á rede xeral, devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir no momento no que se presenta a solicitude de licenza e enganche.

2. No caso da cota tributaria polo subministro, devéngase o primeiro día de cada trimestre natural, agás nos casos de alta, que se producirá de acordo co previsto no apartado anterior.

## **ARTIGO 7º.- EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS FISCAIS LEGALMENTE APRICABLES.**

De conformidade co disposto no artigo 9.1 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que sea proba o tecto refundido da Lei reguladora das facendas locais, non se recoñecen outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

## **ARTIGO 8º.- LIQUIDACION E RECADACIÓN.**

1 .A liquidación da cota tributaria pola acometida á rede xeral será aprobada polo órgano competente do Concello simultaneamente ó outorgamento da licenza de enganche. A recadación levarase a cabo polo concesionario do servizo, unha vez realizada a notificación ó suxeito pasivo seguindo o disposto no art. 124.1 da Lei Xeral Tributaria. O prazo para o ingreso no periodo voluntario será o previsto no art. 20.2 do Regulamento Xeral de Recadación.

2. As liquidacións polo subministro de auga potable serán aprobadas rematado cada trimestre natural polo órgano competente do Concello, unha vez confeccionados ós correspondentes padróns polo concesionario do servizo, tendo en conta as lecturas de contadores do devandito periodo. O cobro dos recibos realizarase nas oficinas do Servizo ou ben mediante xestión bancaria. Os padróns de cada periodo trimestral, cos datos dos suxeitos pasivos e a débeda tributaria resultante, serán expostos ó público por un periodo mínimo de quince días hábiles.

3. Dada a unidade de xestión e mantemento dos servizos de subministro de auga e rede de sumidoiros, poderase expedir un recibo único que incorpore a facturación trimestral das dúas taxas.

## **ARTIGO 9º: INFRACCIÓN E SANCIONS.**

XXVII mandato  
Eusebio  
Lorenzo  
Baleiras  
2014



**Concello de  
Dodro**

Lg – Tallós, Nº 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

CIF: P1503300D

Tfno: 981 802 062 Fax: 981 802 142

[info@concellodedodro.org](mailto:info@concellodedodro.org)

[www.concellodedodro.org](http://www.concellodedodro.org)

No tocante a calificación das infraccións tributarias e as súas correspondentes sancións, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

A cota tributaria fixada no artigo 5.1 da presente Ordenanza modificarase anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ó Consumo que sinala o Instituto Nacional de Estatística.

Dodro, 24 de novembro de 2014

O alcalde

Valentín Alfonsín Somoza



XXVII sesión  
Eusebio  
Lorenzo  
Balela

